



AVISO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVÍO: 06-06-2024

TIPOLOXÍA: TORMENTAS E CHOIVAS

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN DO NIVEL DE ALERTA

NIVEL DE ALERTA: AMARELO

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín nº 156/71GAL, emitido o día 06/06/2024 ás 10:32 horas, dun fenómeno meteorolóxico adverso por **TORMENTAS**, que afectará a **Lugo (Montaña e Sur) e as provincias de Ourense e Pontevedra**.

Prevese que estas tormentas se inicien ás primeiras horas da **tarde do venres 7 e vaian remitindo nas primeiras horas da madrugada do sábado 8**.

As tormentas irán acompañadas de **CHOIVA prevéndose acumulacións de ata 15 l/m²** nunha hora. Ocasionalmente poderán ir acompañadas de **xaraiba**, sendo mais probable **na montaña de Ourense, Valdeorras e Sur de Lugo**.

Un aviso de nivel amarelo por tormentas indica que na zona do aviso afectada prevense tormentas fortes. Dado o carácter destes fenómenos existe a posibilidade de que se poidan producir tormentas de intensidade superior de xeito puntual.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, **ALERTEN** ou **MOBILICEN** aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112.

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es

